

ACTA N.º 2023/3

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- 29 de marzo do 2023 -

En data 29 de marzo do 2023, sendo as 20:30 horas, reúnense na Casa Consistorial do Concello de Cerdido os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do Secretario en réxime de acumulación co obxeto de celebrar en primeira convocatoria a Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

Preside: Benigno Galego Castro.

Asisten: Cándido Eusebio Preto Lago, Rocío Martínez Martínez, Marina Tojeiro Martínez, Cristina Carrodegas Graña, Patricia Santalla Pérez, David Prada Aneiros, Alberto Javier Rey Paz e María Amalia Díaz Rodríguez.

Secretario-Interventor: Manuel Larrosa Rodríguez.

Constátase a presenza dos membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o Alcalde, Benigno Galego Castro como Presidente declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

PARTE DISPOSITIVA

Primeiro.- Aprobación se procede da acta de sesión plenaria celebrada o 29 de febreiro do 2023.

Sometida a votación a acta da sesión plenaria celebrada en data 29 de febreiro do 2023, é aprobada por unanimidade coa seguinte corrección no apartado de Rogos e Preguntas ó comezo : onde dí : “os nogais”, debe dicir : “Os Novais”

Segundo.- Aprobación inicial do presuposto municipal para o ano 2023.

Vista a proposta da alcaldía do seguinte teor literal :

PRESUPOSTO MUNICIPAL PARA O ANO 2023

Unha vez realizado o proxecto de presuposto municipais para o ano 2023 que ascende a un total de ingresos e gastos de 1.256.512,28 euros, cos que se pretende facer fronte a tódolos proxectos de gastos que pretende realizar o concello no vindeiro exercicio económico e que se concretan na documentación que obra no expediente de aprobación do presuposto.

En aplicación do apartado 6 do artigo 21 do RD 500/1990 de 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988 das Facendas Locais, que establece “El Presupuesto definitivo se aprobará con efectos de 1 de enero y los créditos en él incluidos tendrán la consideración de créditos iniciales. Las modificaciones y ajustes efectuados sobre el Presupuesto prorrogado se entenderán hechas sobre el Presupuesto definitivo, salvo que el Pleno disponga en el propio acuerdo de aprobación de este último que determinadas modificaciones o ajustes se consideran incluidas en los créditos iniciales, en cuyo caso deberán anularse los mismos.”

Atendendo o disposto nos artigos 162 e seguintes do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; 18 e seguintes do RD 500/1900 de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de presupostos, e demais normativa de aplicación, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: *Aprobar inicialmente o presuposto deste concello para o ano 2023, por unha cantidade, tanto a nivel de ingresos como de gastos de 1.256.512,28 euros que se resume por capítulos nos cadros seguintes*

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS		
Cap.	Denominación	Euros	Cap.	Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	568.090,30	1	Impostos directos	218.000,00
2	Gastos en bens correntes	479.900,00	2	Impostos indirectos	15.000,00
3	Gastos financeiros	2.000,00	3	Taxas e outros ingresos	134.500,00
4	Transferencias correntes	36.920,00	4	Transferencias correntes	746.945,30
			5	Ingresos patrimoniais	13.665,00
6	Investimentos reais	169.101,98	6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	500,00	7	Transferencias de capital	128.401,98
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
Suma		1.256.412,28	Suma		1.256.412,28

Segundo: Anular a transferencia de créditos TC 01/2023 (MC 03/2023) por importe de 8.746,05 que pasa a incluírse nos créditos iniciais do orzamento 2023.

Terceiro: Aprobar o cadro de persoal do concello para o ano 2023 que figura como anexo deste acordo.

Cuarto: Iniciar o período de exposición ó público por un período de quince días no BOP e no taboleiro de anuncios do concello. No caso de que non se presentaren reclamacións neste prazo o presuposto para o ano 2023 considerarase definitivamente aprobado, polo que se deberá publicar, resumido por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica do concello.

Quinto: Remitirlle unha copia dos presupostos a Administración Autonómica e a Administración do Estado, así como unha copia do cadro de persoal.

ANEXO :CADRO DE PERSOAL 2023

Cadro de persoal 2023

A.- FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Situación	Nivel
* Funcionario de Administración local con Habilitación de carácter estatal					
Secretaría-Intervención	A1	Secretaría-Intervención		Cuberta	28
* Escala de administración xeral:					
Administrativo	C1	Administración xeral	Administrativa	Cuberta	22
Administrativo	C1	Administración xeral	Administrativa	Cuberta	20
* Escala de administración especial					
Traballador Social – Coordinador Sociocultural	A2	Administración especial	Técnica	Cuberta	24
Arquitecto técnico	A2	Administración especial	Técnica	Vacante xornada parcial 20%	24

B.- PERSOAL LABORAL

Denominación	N.º prazas	Situación	Observacións
Conductor maquinaria	1		Vacante
Oficial Servicios varios	1		Cuberta
Servizos varios	1		Cuberta
Auxiliar de axuda a domicilio	6	Vacante	Persoal contratado ao abeiro dun Convenio coa Deputación a Subvención da Xunta de Galicia
Animador - Sociocultural	1	Vacante	Persoal contratado cunha subvención da

De seguido o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro explica someramente a proposta efectuada.

Aberto o quenda de intervencións, comeza o Sr. Alberto Javier Rey Paz expoñendo : Cremos que estes orzamentos son un reflexo da vosa xestión ao fronte deste Concello nos últimos anos porque baixan con respecto ao 2021 e 2022, esta cuestión non a explicades de ningunha maneira na memoria de Alcaldía. Por outra, as inversións son ridículas e xa para rematar o informe de intervención que ven sendo o de todos os anos porque sempre temos as mesmas fallas: falta documentación, licitar os servizos de continuidade, falta un plan estratéxico de subvencións. En resume, un ano máis perdido para Cerdido.

Intervén a continuación o Sr. Cándido Eusebio Preto Lago dicindo : Respecto a que son un reflexo do noso traballo, tes razón pois conxelamos as taxas un ano mais aos veciños, en servizos sociais seguimos apostando por dar servizo os 365 días do ano.

Son uns orzamentos realistas e adecuados á realidade, pero é probable que estes orzamentos aumenten. Se vostede se fixara sabería que sempre aumentan algo.

Toma a palabra o Alcalde, Benigno Galego Castro : Nesta linea, xustifícase a baixada na memoria de Alcaldía porque hai subvencións que non están incorporadas ao orzamento, por exemplo, Agader.

Alégrome que digas que son reflexo da nosa xestión porque entón a xestión é fenomenal. Este é un orzamento inicial pois falta por incorporar unha subvención do Convenio de transición xusta por importe de 461.000 €, os 600.000 € de alumeado publico, entre outras e estamos falando xa de 1.000.000 € a maiores deste orzamento. Temos Agader, o POS que son outros 200.000 € a maiores, é dicir, duplicamos o que traemos aquí pero non o reflectimos porque somos realistas. Isto virá despois como incorporacións.

A xestión é moi boa, pois quédanos outro tanto como o que temos aquí hoxe. Para un Concello como Cerdido ter un orzamento así e ter pendente unha incorporación de 1.200.000 € pois estamos falando dun presuposto moi bon.

Seguimos apostando polos servizos sociais, non temos lista de espera que é algo que non podes ver nos concellos do arredor.

Subimos as subvencións ás asociacións culturais, deportivas, etc. É unha aposta para desenrolar estas actividades no concellos

A continuación pide a palabra o Sr. Alberto J. Rey Paz expoñendo : estades intentando explicar porque non subiu pero non porque baixou.

Resposta o Sr. Alcalde Benigno Galego Castro : Claro, estas comparando cun orzamento que sí levaba subvencións incorporadas e polo tanto a comparación que fas non é real.

Baixa con respecto a anos anteriores porque non reflexa as subvencións

Toma a palabra novamente o Sr. Alberto J. Rey Paz manifestando : ¿no cadro de arriba esta ben esa cifra de 1.355.000 ou esta equivocado?

Resposta o Sr. Alcalde explicando : Ese foi o de 2021. Estas mirando a memoria que vos comentei que se enviou por error.

Estes orzamentos son reais que vía transferencias e incorporacións se doblara, tendo en conta que estamos executando o IDAE, subvención de transición xusta.

¿Tedes algo mais que comentar?

A Sr^a. María Amalia Díaz Rodríguez pregunta : ¿porque sempre temos os mesmos erros, faltan anexos, e estamos fora de prazo?

Resposta o Sr. Candido Eusebio Preto Lago : son erros informáticos

Novamente intervén a Sr^a. María Amalia Díaz Rodríguez dicindo : non son erros informáticos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde Dn. Benigno Galego Castro : a lei determina que o orzamento debe estar aprobado antes de decembro do ano anterior pero tamén determina que se pode prorrogar ou aprobar ao longo do ano. Isto e habitual na maioría das administracións. Sodes coñecedores da situación que temos e vimos en tempo e prazo.

O noso compromiso era deixar o presuposto aprobado pois estamos en ano electoral e queremos deixar as cousas ben para a corporación seguinte.

O anexo de subvencións a catro anos non se fai porque de un ano a outro cambia todo e para Cerdido non é moi viable.

Seguidamente intervén o Sr. Alberto J. Rey Paz preguntado : ¿e licitar os contratos?

Resposta o Sr. Alcalde Dn. Benigno Galego Castro : eu estou de acordo en licitar os contratos pero cando teñamos tempo e persoal para iso. Agora temos as limitacións que sabedes. Eu son partidario de adherirse a plataforma de contratación da FEMP entre outras.

A Sr^a. María Amalia:Díaz Roddríguez manifesta : Esto de transferencias correntes me chama a atención pola cifra tan alta que é, ¿que comprende?

Explica o Sr. Alcalde Alcalde Dn. Benigno Galego Castro : todos os tributos do estado, xunta, deputación.

De seguido a Sr^a. María Amalia Díaz Rodríguez pregunta : ¿Transferencias de capital?

Resposta o Sr. Alcalde, Dn. Benigno Galego Castro ; esto é inversión

A Sr^a. María Amalia Díaz Rodríguez pregunta : ¿inversión de que?

Resposta o Sr. Alcalde Dn. Benigno Galego Castro : os proxectos de deputación.

A continuación a Sr^a. María Amalia Díaz Rodríguez dí : Nisto fai hincapie o Secretario no informe. E respecto a servizos sociais, ¿non hai convenio ca xunta? Pareceme extraño

O Sr. Alcalde Dn. Benigno Galego Castro explica : paréceme raro pero consultareino. Este é o plan concertado da xunta que nos transfire para o saf por horas realizadas, ingresan por trimestres asi que isto é unha estimación porque depende das horas efectivamente prestadas e xustificadas

A Sr^a. María Amalia Díaz Rodríguez pregunta : ¿ides poñer duas ó dia?

Resposta o Sr. Alcalde Dn. Benigno Galego Castro : por suposto

De seguido toma a palabra a Sr^a. María Amalia Díaz Rodríguez : Non se entende moi ben o escrito na memoria porque se indica que non se coñece exactamente a contia. ¿Entón porque pon aquí que non hai convenio ca Comunidade Autónoma?

Resposta o Sr. Alcalde Dn, Benigno Galego Castro : terei que preguntar, pero mirareino igualmente, o cadro reflexa datos trimestrais e non habera moita variación porque a Xunta non da mais horas e nos as estamos prestando todas porque non temos lista de espera.

O Sr. Alberto J. Rey Paz manifesta : quizás tedes que traer mellor preparados os plenos.

O Sr. Alcalde Dn. Benigno Galego Castro aclara : estades preguntando por isto e eu explico vos, aínda non esta asinado porque non chegou e o prazo de solicitude aínda remata o dia 31.

Finalmente intervén o Sr. Alberto J. Rey Paz expoñendo : preguntamos porque non sabemos e non entendemos de orzamentos. Vos tedes a responsabilidade de traer os plenos preparados

Considerando a alcaldía suficientemente debatido o asunto, someteo a votación, acordando o Pleno do Concello en votación ordinaria por maioría de sete votos a favor dos Sres. Membros do P.SdeG-P.S.O.E e dous en contra dos Sres. Membros do Partido Popular Prestar conformidade á proposta debatida.

Terceiro.- Modificación do Programa de aluguer de vivendas municipais.

Vista a proposta da alcaldía do seguinte teor literal :

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o Programa de alugamento das vivendas municipais aprobado polo Pleno do Concello de Cerdido en sesión ordinaria celebrada en data 28 de agosto do 2013 é preciso dar cumprimento a esixencia establecida no artigo 130 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas de revisar (...) periodicamente as normas

vixente para adaptadas aos principios de boa regulación e para comprobar a medida na que as normas en vigor conseguiron os obxectivos previstos e se está xustificando e correctamente cuantificado o custo e cargas impostas en elas.

En uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, polo presente PROPOÑO ao Pleno do Concello de Cerdido

Primeiro.- Modificar os apartados segundo e sexto do Programa de alugamento das vivendas municipais para que conste como se indica de seguido

Programa de alugamento das vivendas municipais

1. Obxecto.

A presente convocatoria pretende realizar unha bolsa de posibles alugueiros das vivendas municipais situadas na parroquia da Barqueira e na parroquia dos Casás.

Ubicación das vivendas	Superficie	Distribucións
As Felgosas Núm. Parroquia da Barqueira	137 m ² 5 m ² de terraza	Catro habitacións, cociña, sala de estar e dous cuartos de baño
Campo da Igrexa, Parroquia de Os Casas	64,35 m ²	Dúas habitacións, unha sala de estar, unha cociña e un cuarto de baño

O contrato ten o carácter de contrato privado e rexeráse pola Lei 29/1994 de arrendamento urbanos.

Formalizarase en documento administrativo previa a constitución dunha fianza dunha mensuralidade que será depositada no Instituto Galego da Vivenda.

O período do alugamento será dun ano prorrogable con carácter obrigatorio ata tres anos ou o prazo establecido legalmente. Poderase pactar un prazo de alugamento inferior por acordo entre as partes.

Será de conta do arrendatario os abonos dos suministros de gas e electricidade así como a auga ou calquera outro gasto individualizable de uso para esta vivenda como é o abono da taxa polo servizo de recollida de lixo.

A vivenda adicarase unicamente ó uso de aloxamento do arrendatario sen que poidan ser permitidos outros usos, debendo conservar esta en perfecto estado, realizando pola súa conta as reparacións necesarias para a normal conservación, devolvendo a vivenda no mesmo estado no que se recibiu, ó remate do contrato. En caso contrario, o concello procederá a reparar os danos ocasionados e repercutirá o gasto o arrendatario da vivenda.

Prohíbese expresamente a cesión ou subrogación do contrato de alugueiro desta vivenda.

2. Beneficiarios.

Persoas maiores de idade e con plena capacidade de obrar que, como titulares dunha unidade familiar ou de convivencia, reúnan os seguintes requisitos:

- a) **Declarar os ingresos anuais totais con referencia ao IPREM do correspondente ano.***
- b) Residir no municipio de Cerdido ou desenvolver actividade laboral nos mesmos ou nun radio de distancia a Cerdido que posibilite á súa residencia na vivenda.*
- c) Os estranxeiros deberan acreditar a residencia legal en territorio español. O cumprimento deste requisito poderá acreditarse por calquera dos titulares da unidade familiar ou de convivencia.*
- d) Carecer de vivenda en calidade de propietario ou ter unha infravivenda en propiedade.*

En caso de cambio de situación económica o de amaño da infravivenda o propietario deberá deixar a vivenda.

Previo informe da alcaldía poderase alugar a vivenda a persoas con vivenda en propiedade que se vexan imposibilitados delas por causas xustificadas.

Tamén poderán solicitar vivenda os galegos residentes no estranxeiro que, desexando retornar ou habéndoo feito no prazo de dous anos inmediatamente anteriores á data da convocatoria e, reúnan, ademais, as seguintes condicións:

- a) Acrediten ostentar a condición de emigrantes, por un tempo non inferior a cinco anos, mediante certificación expedida polo Instituto de Emigración ou a representación diplomática ou consular correspondente.*
- b) Que os seus ingresos familiares en cómputo anual atópanse entre os límites sinalados para cada tipo de vivenda, podéndose referir estes a o indicador público de rendas de efectos múltiples vixente en España.*

A existencia e contía do salario mínimo legal ou similar, neste último suposto, se acreditará por certificación da agregaduría laboral correspondente no país onde se obteñan as rendas salariais e o cálculo do seu contravalor en euros obterase, no seu caso, aplicando o primeiro cambio oficial fixado polo Banco de España para o comprador no mercado de divisas no ano seguinte ao que se refiren os ingresos.

3. Renda das vivendas.

A renda das vivendas oscilará en función dos recursos dos alugueiros segundo o seguinte cadro:

<i>IPREM, RENDA DO ALUGUEIRO</i>	<i>RENDA DA VIVENDA</i>
1,00 - 2,49	150 €
2,50 - 3,49	200 €
Mais de 3,5	250 €

Esta renda será revisable anualmente en función do IPC a nivel estatal.

Aqueles alugueiros que teñan a súa renda por debaixo de 250 €, deberán acreditar cada ano o seu nivel de renda para poderlle aplicar a renda correspondente ao seu nivel de ingresos.

4. Baremo para a adxudicación.

Para a adxudicación destas vivendas se utilizará e o seguinte baremo

a) Composición da unidade familiar o de convivencia:

<i>Número de membros</i>	<i>Puntos</i>
1	1
2	2
3	3
4	4

Familias monoparentais con fillos a cargo: 3 puntos.

Solicitantes que sexan xubilados ou pensionistas: 2 puntos.

b) Ingresos da unidade familiar o de convivencia:

<i>Número de membros</i>	<i>Puntos</i>
<i>Ata 1,5 el IPREM</i>	6
<i>1,6 - 2,5 veces o IPREM</i>	4
<i>2,6 - 3,5 veces o IPREM</i>	3
<i>3,6 - 4,5 veces o IPREM</i>	2
<i>4,6 - 5,5 veces o IPREM</i>	1
<i>5,6 veces o IPREM en diante</i>	0

As siglas IPREM referenciase o indicador público de rendas de efectos múltiples segundo o disposto no Real Decreto Lei 3/2004 do 25 de xuño .

O Decreto 257/2004, sobre o réxime xurídico das vivendas de promoción pública aplicarase con carácter subsidiario.

c) Tempo de residencia no Concello de Cerdido:

<i>Número de anos empadroados</i>	<i>Puntos</i>
<i>Mais de un ano</i>	1

5. Procedemento.

Unha vez presentadas as solicitudes e valoradas será aprobada por resolución da alcaldía a lista provisional de posibles alugueiros, que se publicará no taboleiro de anuncios de establecéndose un prazo de dez días hábiles para a presentación de reclamacións a lista, unha vez resoltas será aprobada por resolución da alcaldía a lista definitiva por orde de puntuación. No caso que existan vivendas sen alugueiro, realizarse un notificación o primeiro da lista, dándolle un prazo de cinco días para que acepte o rexeite o alugueiro, neste caso chamarase o seguinte e así sucesivamente.

En caso de empate de votos procederase a un sorteo público para a adxudicación da vivenda.

No caso de que non houbera ningunha persoa na lista, procederase o alugueiro da vivenda a primeira persoa que o solicite e que cumpra as condicións deste programa.

Darase prioridade para escoller a vivenda a aqueles persoas cuxa composición familiar sexa maior.

6. Documentación.

As solicitudes deberan vir acompañadas pola seguinte documentación:

*A.- Acreditar os requisitos necesarios para poder optar o alugueiro a través dun certificado de empadramento no concello ou xustificación de que desenvolve a súa actividade laboral no mesmo ou nun radio de distancia a Cerdido que posibilite á súa residencia na vivenda como **acreditar a súa renda con relación ao IPREM vixente no momento.***

1.- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade do solicitante e, no seu caso, cónxuxe.

2.- Fotocopia debidamente compulsada, se é o caso, do libro de familia.

3.- Certificación municipal de empadramento do solicitante e das persoas físicas que convivan con el, con expresión da data de alta no padrón.

4.- No caso dos galegos residentes no estranxeiro e galegos retornados, certificado de residencia acreditando ostentar a condición de emigrantes por un tempo non inferior a cinco anos, mediante certificación expedida polo Instituto de Emigración ou a representación diplomática a consultar correspondente.

5.- Declaración da declaración do imposto sobre a renda, ou acreditación da renda da unidade familiar, atreves de nóminas ou calquera outra documentación.

6.- *Declaración xurada de que ningún membro da unidade familiar fose titular de vivendas ou xustificante da causa que imposibilita o uso dela.*

7.- *No seu caso, declaración, manifestación escrita ou xustificante de ocupar infravivendas.*

8- *Declaración do numero e nome da persoas que van a ocupar a vivenda.*

7. Réxime xurídico.

O contrato de alugueiro das vivendas é un contrato privado, ao que se que se lle aplicará o disposto na Lei 29/1994 de arrendamentos urbanos, ou lexislación vixente no momento da sinatura do contrato .

Aberto o turno de intervencións, polo Sr. Alcalde explícase o contido da proposta.

Toma a palabra o Sr. Alberto J. Rey Paz e pregunta : ¿ese é o punto 2 e o 6?

Resposta o Sr. Alcalde Dn. Benigno Galego Castro manifestando : é igoal, acreditar o nivel de IPREM. Ten unha nova redacción.

O imprem é un valor de referencia pero tamén sabemos que existen familias que están vivindo de axudas.

A continuación a Sr^a. María Amalia Díaz Rodríguez pregunta : ¿están en condicións de habitabilidade todas as vivendas do concello?

Resposta o Sr. Alcalde Dn. Benigno Galego Castro : habitabilidade si pero que necesitan algunha reforma tamén.

Acto seguido a Sr^a. María Amalia Díaz Rodríguez manifesta : ¿non imos pedir ningunha axuda para iso?

Resposta o Sr. Alcalde Dn. Benigno Galego Castro : Sí de feito algunha cousa xa se mirou pero esas subvencións non veñen ao cen por cen.

Considerando a alcaldía suficientemente debatido o asunto, someteo a votación acordando o Pleno do Concello por unanimidade dos Sres. Presentes aprobar a proposta de modificación nos termos efectuados.

E non habendo máis temas que tratar, sendo as 21 horas e 06 minutos, levántase a sesión dándose por rematada a mesma.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

